

DECRETO

Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo Acordo 10/759 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2021.

Visto o acordo 15/75 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL PINTOR/A DE VÍAS E OBRAS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de febreiro de 2024.

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE OFICIAL PINTOR/A DE VÍAS E OBRAS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 11/94 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de oficial pintor/a de vías e obras pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OPE 2021), do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL PINTOR/A DE VÍAS E OBRAS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021)

Firmado por: ***274*** - ANGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA (FECHA: 2024-03-19 11:54:20.00)

CVD: 1C8bRZY8qfAPdVICPhjR

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 2480/2024

Persoal

ESC

Refª: 24decr. Convocatoria oficial pintor 2021-libre

Asunto: decreto convocatoria oficial pintor 2021-libre

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de oficial pintor/a de vías e obras do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, do 4 de decembro de 2023.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: OFICIAL PINTOR/A
- b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: servizos especiais

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron ás titulacións extinguidas.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

c) Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Persoal

ESC

Refª: 24decr. Convocatoria oficial pintor 2021-libre

Asunto: decreto convocatoria oficial pintor 2021-libre

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora e media. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

TEMA 1.- Ferramentas e equipamento para a aplicación de pinturas. As súas características e adecuación a traballos específicos. Mantemento de ferramentas e equipamento para a aplicación de pinturas. A pintura a pistola: equipos e accesorios.

TEMA 2.- Pinturas e vernices: composición e clases. Elección da pintura en función do soporte e a súa exposición.

TEMA 3.- Mestura de cores. Disolventes e decapantes. Adhesivos.

TEMA 4.- Técnicas de pinturas. Preparación e reparación de superficies para o pintado en obras de albanería (formigón, cemento e escaiola): descascados, gretas, buracos e humidades.

TEMA 5.- Os acabados en pintura, verniz ou laca segundo o soporte. Adecuación destes, técnicas e procedementos de aplicación.

TEMA 6.- Esmaltes. Tipos. Composición. Ferramentas para a súa aplicación.

TEMA 7.- Pinturas especiais. Usos destas pinturas. Anticorrosivas. Antiácido. Antitérmica. Ignífuga. Hidrófuga. Clorocaucho. Fosforescente. Composición destas pinturas. Ferramentas para a súa aplicación. Rendemento.

TEMA 8.- Outras pinturas: pintura aerográfica: materiais. Ferramentas. Usos. Utilización. Seguridade. Pinturas decorativas especiais (transparencias, estucados, policromados): preparación. Ferramentas. Materiais. Pinturas ao silicato.

TEMA 9.- A cor. Tipos (óptico/pigmentado). Círculo cromático. Fríos e quentes. Complementarios. As cores na seguridade. Clasificación das pinturas: tipos. Usos. Rendementos. Duración.

Persoal

ESC

Refª: 24decr. Convocatoria oficial pintor 2021-libre

Asunto: decreto convocatoria oficial pintor 2021-libre

TEMA 10.- Seguridade na aplicación de pinturas. Elementos para a seguridade física.

TEMA 11.- Elementos para a seguridade química. Organización das tarefas.

TEMA 12.- Formalización dos partes de traballo. Revisión e verificación dos equipos e ferramentas.

TEMA 13.- Pinturas de exterior e interior. Clases. Características. Usos.

TEMA 14.- Tratamentos ante a humidade de paramentos. Tratamentos de protección antigraffiti e a súa posterior eliminación. Defectos e patoloxías de pinturas e revestimentos: as súas preparacións, técnicas e condicionantes de aplicación.

TEMA 15.- Obxecto e principios básicos da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: condicións de traballo e riscos profesionais; principios da acción preventiva; concepto de saúde e factores de risco; danos derivados do traballo. Coñecementos básicos sobre plans de emerxencia e evacuación.

Tema 16.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023), o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes. A súa composición será a seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.

Vogais: tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía, entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico.

Á súa vez, será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia e un extracto no DOG e BOE. "

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da

Persoal

ESC

Refª: 24decr. Convocatoria oficial pintor 2021-libre

Asunto: decreto convocatoria oficial pintor 2021-libre

xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe, Ilmo Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.